

MATERIA: LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

PROFESORA: Olga Cabalar Fernández

**MEDIDAS COVID**

No relativo á previsión dos posibles escenarios sanitarios, remitimos aos enlaces á aula virtual do IES de Mugarbos, na que os alumnos poden acceder aos materiais e actividades das clases presenciais, elaborados segundo ás directrices metodolóxicas da Consellería.

**CONTIDOS**

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
- Elementos da linguaxe musical - A partitura - A composición musical	- A forma musical - A voz - Elementos da linguaxe musical: cadencias, modulación	- O son, fundamentos dos sistemas de afinación - O son: o fenómeno físico-armónico - Elementos da linguaxe musical: transporte - A partitura: Novas grafías

O Bloque “A audición comprensiva”, o Bloque “A creación e a interpretación”, o Bloque “As tecnoloxías aplicadas ao son”, a práctica rítmica e algúns elementos da linguaxe musical serán traballados durante todo o curso, e por tanto os seus estándares correspondentes serán recollidos nas tres avaliacións. O resto dos contidos e os correspondentes estándares de aprendizaxe estarán secuenciados nas diferentes avaliacións.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Avaliación ordinaria presencial

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas de execución rítmica de carácter individual: Lectura a primeira vista de esquemas rítmicos /execución dunha das cancións ensaiadas na clase	5%
Probas de análise de audicións: Recoñecemento de pezas escoitadas na clase/ Análise dos elementos da música en distintas pezas	20%
Traballo na aula	10%
Traballos individuais ou en grupo (incluído o proxecto)	25%
Exames teóricos de avaliación (dous por avaliación)	40%
Total	100%

O redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media. Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 (4.5) na suma dos distintos apartados.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións. Quen non obteña un cinco (4.5) como media das tres avaliacións terá dereito a unha proba final de recuperación.

Os exames ou recuperacións, así como os traballos, deben realizarse e presentarse nas datas previstas. Quen non se presente á proba sen entregar xustificante médico, certificado acreditativo de deber inescusable ou xustificante de morte dun familiar de primeiro ou segundo grao, segundo o establecido no Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia (Anexo 4 do NOF do Centro) terá un cero na dita proba. No caso de detectar que se copia nalgunha proba se asume o acordo de claustro de proceder a retirar dita proba dándolle ao alumno a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero. Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado será avaliado cun cero. No caso de ser idéntico ao doutro compañeiro, tanto o que copiou como o que permitiu a copia será avaliado negativamente.

**Actividades de recuperación:** Faránse por separado a recuperación da parte teórica e práctica ó final de curso. A parte teórica dividirase nos tres trimestres establecidos (cada alumno/a terá que recuperar o que lle corresponda, incluíndo audicións e preguntas teóricas e definicións) e a parte práctica será única e igual para todos (inclúe: exercicios musicais en papel, expresión vocal, expresión instrumental e medida de diferentes esquemas rítmicos)

**Avaliación extraordinaria**

Estrutura da proba de avaliación extraordinaria de setembro

Instrumento de avaliación	Porcentaxe na cualificación
Proba escrita con tres apartados: - Análise de audicións - Análise dunha partitura - Preguntas teóricas	100%

**PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/ PROGRAMAS...**

Colaboración co proxecto de centro: realización de actividades relacionadas co proxecto deste ano (O mar)